

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 12 de xaneiro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día doce de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33343.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023.

2.33344.- BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO 2024 (EXPTE. 2023072113)

1º.- Segundo o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, se establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, polos artigos 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) e 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.



2º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social pon en marcha esta convocatoria do “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2024”, que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do persoal profesional de referencia que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, reflectido no anexo I das bases.

3º.- Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

- Módulo de persoal

Inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Xornada completa para 12 meses	Media xornada para 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	24.655,90 €	12.327,95 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	22.251,04 €	11.125,52 €
Persoal administrativo	19.506,10 €	9.753,05 €

- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico

Inclúe os gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que sexan prestados tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.



4º.- As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada con respecto ao estipulado, aplicarase a diminución da contía que corresponda de xeito proporcional. Coas achegas reflectidas no anexo I destas bases reguladoras garántese o financiamento do servizo de axuda no fogar prestado en réxime de libre concorrència con respecto aos niveis de referencia de cobertura e de financiamento recollidos no anexo III do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Así mesmo, refórzaselles o financiamento do módulo de persoal coa ampliación das contías máximas das categorías profesionais establecidos no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, garantindo ademais a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais.

5º.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Benestar Social, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes o Servizo de Benestar Social procederá ao seu estudo e comprobación.
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente

6º.- A contía consignada para esta convocatoria ascende a tres millóns sesenta e oito mil seiscientos trinta e oito euros con vinte e seis céntimos (3.068.638,26 €), con cargo á aplicación 24/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para 2024.

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

8º.- Con data 22 de decembro de 2023, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación de este expediente, deixando constancia de que *“(...) a aplicación proposta nas bases 24/231.2313.462.00, considérase correcta, e conta con crédito para este fin por importe de 3.068.638,26 €, propostos, non obstante, a aprobación das axudas deberá quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento por tratarse dunha tramitación anticipada. (...)”*



Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024 é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do *Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024*.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV) HN9V32THPK9GJH91

3.33345.- BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (EXPTE. 2023072102)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove a presente liña de axudas co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.”.

Así, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, constituíndo o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

O artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

Desde o punto de vista competencial, as deputacións temos a competencia propia de apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.



Nos últimos anos, a crise provocada pola pandemia e a subida xeneralizada de prezos, derivada entre outros factores da escaseza das fontes de enerxía e dos problemas de transporte e subministración, tivo consecuencias sociais e económicas que redundan no agravamento de situacións persoais que provocan que os servizos sociais comunitarios se atopen con máis situacións ao límite da exclusión social.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove unha nova convocatoria de axudas có obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

2º.- Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións.

3º.- Con data 22 de decembro de 2023, Intervención emite informe favorable indicando que as aplicacións propostas nas Bases, 24/231.2313.462.00 e 24/231.2311.762.00 considéranse correctas e contan con crédito para este fin, por importe de 393.100,00 € e 207.700,00 € respectivamente, non obstante, a aprobación das axudas deberá quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento por tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras para o financiamento e prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2024.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): IA5J8R9F2BTEG1MO

4.33346.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR, SOBROSO E MUSEO DE PONTEVEDRA. (EXPTE. - 2023058369)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24/11/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da vista ao castelo de Soutomaior, Sobroso e Museo de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.



O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 27/11/2023. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/12/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre “A”, correspondente á documentación administrativa, presentado pola empresa licitadora, Tiqueteo Spain S.L.

A continuación, procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentado pola empresa que resulta admitida, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Turismo Rías Baixas.

Recibido informe do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 19/12/2023 (csv: HPY1G5CA9BKFEN0Y), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/12/2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa que alcanza a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Os valores ofertados por Tiqueteo Spain S.L. no sobre C figuran en el certificado de la Mesa de contratación csv SYEUI9GG5685EP8L .

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a empresa Tiqueteo Spain S.L., obtén unha puntuación de 94 puntos.

A Mesa de contratación na súa reunión de data 28/12/2023 acorda aprobar a clasificación da oferta presentada e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Tiqueteo Spain S.L. (NIF B-66045345), polos prezos e valores ofertados.

O persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023010117, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Tiqueteo Spain S.L. (NIF: B-66045345), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Tiqueteo Spain S.L. (NIF: B-66045345), presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024000699, de 5 de xaneiro de 2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.440,00 euros (carta de pago núm. operación 202400008447, de data 5/01/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do servizo dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaior, Sobroso e Museo de Pontevedra, a empresa TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo ofertado:

Prezo ofertado na parte fixa, sen IVA	22.000 €
Prezo ofertado para entradas adicionais superiores a 15.000,00 (Castelo de Soutomaior), multiplicado polo número estimado de entradas vendidas (15.000 entradas) (0,40€+ IVA)	6.000,00€
Prezo ofertado para entradas adicionais superiores a 2.000 (Castelo de Sobroso), multiplicado polo número estimado de entradas vendidas (2.000 entradas) (0,40+IVA)	800€
TOTAL sen IVE	28.800,00€
21% de IVE	6.048,00€
TOTAL IVE engadido	34.848,00€

Outros criterios automáticos:

-Sistemas de pago alternativos online aos solicitados no PPT.

Por Bizum e Paypal: X

Por Alipay: X

Por WeChat: X



-Número de idiomas adicionais aos solicitados nas especificacións técnicas, na implementación do sitio web de venda de entradas e indicar cales son: 4

1	Inglés
2	Francés
3	Italiano
4	Portugués

-Aumento da oferta de dispositivos relacionados co acceso operativo a Castelos e Museo.
Para 2 PDA (para cada entidade): X

-Dotación de papel para a impresión de billetes.
Proporcionando papel para 50.000 billetes: X

O prazo de duración é de un ano desde a data de formalización do contrato, establecéndose a posibilidade de 3 prórrogas cunha duración dun ano cada unha delas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2024	24/433.3360.227.99	16.861,94€
2024	24/433.3363.227.99	9.555,10€
2024	24/433.3330.227.99	8.430,97€
	TOTAL	34.848,00€

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase da seguinte maneira

Mensualmente aboarase o importe total ofertado polo adxudicatario na parte fixa, dividido entre 12 mensualidades.

Annualmente aboarase o importe ofertado por cada entrada adicional, a maiores das 15.000 entradas vendidas (online e non gratuítas), multiplicado polo número de entradas a maiores vendidas nese período, no caso do Castelo de Soutomaior. Previa aceptación e comprobación por parte do servizo de Turismo Rías Baixas, da superación dos umbrais establecidos.

Annualmente aboarase o importe ofertado por cada entrada adicional, a maiores das 2.000 entradas vendidas (online e non gratuítas), multiplicadas polo número de entradas a maiores vendidas nese período, no caso do Castelo de Sobroso. Previa aceptación e comprobación por parte do servizo de Turismo Rías Baixas, da superación dos umbrais establecidos.

En ningún caso, a empresa adxudicataria, terá dereito a indemnización por peches parciais de espazos expositivos, cancelacións de exposición ou anulacións de actividades



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2023058369	
Órgano xestor:	LA0006122 TURISMO LA0006116 MUSEO	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, e a Xefa de xestión do Museo.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.33347.- ADMISIÓN DE EMPRESA CANDIDATA NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS (EXPTE.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un “*Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*”, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.



O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicaraos ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga do “*Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 4 de xaneiro de 2024, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493), acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
 - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
 - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.
A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2024.

6.33348.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA GLOBAL SETUP, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE PRODUCCIÓN E CATERING DA GALA DE TURISMO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS” (EXPTE. 2022052073) (DEVOGARAN 2023068380)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2023 (CSV.- XCI2YBSCDEJNKLOJ), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rías Baixas*”. (Núm. Expte. 2022052073).

Para responder da realización deste servizo, a empresa GLOBAL SETUP, S.L. (B-94119104), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
GLOBAL SETUP, S.L. (B-94119104)	1.521,45€	202100011940	14/01/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- 6IZPFYE36X5RT2DF), no cal sinala que a entidade mercantil GLOBAL SETUP, S.L., cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- ZSWJAWYGECCQR74I), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil GLOBAL SETUP, S.L. (B-94119104), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rías Baixas*” (Núm. Expte. 2022052073), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico pola entidade mercantil GLOBAL SETUP, S.L. (B-94119104), para responder de dito contrato, por importe de 1.521,45€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/01/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100011940.

7.33349.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COFOCYL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ” (EXPTE.2022066925) (DEVOGARAN. 2023073111)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 03 de febreiro de 2023 (CSV.- 4DVIYPNEN48M53RT), adjudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Subministración da alimentación do gando vacúm da Finca Mouriscadé*”. (Núm. Expte. 2022066925)

Para responder da realización deste servizo, a empresa COFOCYL, S.L. (B-47432794), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COFOCYL, S.L. (B-47432794)	1.200,00€	202300019989	30/01/2023



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde a Finca Mouriscade (CSV.- 21R6CCY13CKTW0A), no cal sinala que a entidade mercantil COFOCYL, S.L., cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- DS5CGUX176VTGTXZ), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COFOCYL, S.L. (B-47432794), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración da alimentación do gando vacúm da Finca Mouriscade*” (Núm. Expte. 2022066925), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico pola entidade mercantil COFOCYL, S.L. (B-47432794), para responder de dito contrato, por importe de 1.200,00€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/01/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300019989.

8.33350.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CIVIS GLOBAL SL, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS CORRESPONDENTES AO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA - LOTE 4 (CONTRATOS DERIVADOS D1, D2, D3, D4 Y D5) (EXPTE.2017020647) (DEVOGARAN 2019005511)

Por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 06 de abril de 2018 adxudicouse o lote 4 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra a empresa CIVIS GLOBAL SL (B36684157) por importe total de 595.396,59 € cunha porcentaxe de baixa de 25,79 %. Durante a vixencia desde acordo marco adxudicáronse os seguintes contratos derivados:

- Por acordo da Xunta de Goberno do día 29/06/2018 adxudicáronse os contratos derivados do Acordo marco de “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4. Zona D1”, por importe de 302.169,75 € (IVE engadido) e “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4. Zona D2”, por importe de 405.175,07 € (IVE engadido).



- Por Resolución do Deputado Delegado da Área de data 26/06/2018 adxudicouse o contrato derivado do Acordo marco de “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4. Zona D3”, por importe de 94.968,33 € (IVE engadido).
- Por acordo da Xunta de Goberno do día 22/03/2019 adxudicouse o contrato derivado do Acordo marco de “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4. Zona D4”, por importe de 802.313,15 € (IVE engadido).
- Por acordo da Xunta de Goberno do día 08/05/2020 adxudicouse o contrato derivado do Acordo marco de “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4. Zona D5”, por importe de 802.313,15 € (IVE engadido).

Para responder a realización destes contratos, a empresa CIVIS GLOBAL SL presentou as seguintes garantías:

CARTA PAGO	DATA	IMPORTE	AVALISTA
201800026016	15/02/2018	24.603,16 €	CBL Insurance
201900158002	04/09/2019	33.153,44 €	Bankinter
202000095886	21/05/2020	24.603,16 €	Targobank

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura solicitude de devolución da empresa CIVIS GLOBAL SL (B36684157) nº rexistro WEB2023020672 de data 24/03/2023.

Con data 27/12/2023, e unha vez realizada visita a obra, emítese polos servizos técnicos informe favorable:

“(…) non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención, no cal indica que existe na caixa da Deputación, por parte de CIVIS GLOBAL SL, as constitución das garantías con eses conceptos e importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a liquidación dos contratos derivados D1, D2, D3, D4 e D5 do Lote 4 do Acordo marco para a contratación das obras de "Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra", sen que existan obrigas pendentes.

2º.- Proceder á devolución das garantías definitivas seguintes:

CARTA PAGO	DATA	IMPORTE	AVALISTA
201800026016	15/02/2018	24.603,16 €	CBL Insurance
201900158002	04/09/2019	33.153,44 €	Bankinter
202000095886	21/05/2020	24.603,16 €	Targobank

9.33351.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS NO CONCELLO DE O PORRIÑO. (EXPTE. 2022045655)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 21/06/2022 (rex. núm. 2022016096), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por Aqualia, por danos materiais producidos, o día 30/05/2022, nunha tubería xeral de abastecemento da infraestrutura do Consorcio de Augas do Louro, no Concello do Porriño, durante a execución da obra Sondeo, levada a cabo pola empresa Galaicontrol, S.L., a consecuencia das perforacións realizadas na estrada provincial E.P. 2401, e que foi cuantificada economicamente en 1.453,71 €.

Resultando.- Que Aqualia relata na instancia ter reclamado os danos a Galaicontrol, S.L., os cales declinaron facerse cargo dos mesmos argumentando que *"las perforaciones se realizaron siguiendo las instrucciones directas de los técnicos de la Diputación, que fueron los que marcaron los puntos concretos de perforación de la calzada"*.

Resultando.- Que con data 01/07/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, informando na data 07/07/2022 o seguinte:

Vista a reclamación recibida neste organismo por danos a unha tubaxe de abastecemento durante a execución dun sondeo na calzada da E.P. 2401 por parte deste organismo infórmase que para poder analizar convenientemente a súa solicitude é necesario que aporten a autorización emitida por este organismo para a instalación da rede do servizo afectado (abastecemento) no lugar da avaría.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais-----



Resultando.- Que con data 15/09/2023, o Servizo De Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe técnico co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-2401, durante a realización duns sondeos no centro da calzada dentro dunha campaña de identificación de materiais do solo das estradas provinciais, levada a cabo pola Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Os sondeos realizounos a empresa Galaicontrol S.A., baixo as directrices do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial, promotora das citadas obras.

TERCEIRO.- Durante a realización dun dos sondeos a máquina perforadora atopou unha tubaxe de abastecemento que rompeu, provocando unha avaría na rede de auga.

CUARTO.- Para proceder con urxencia á reparación de dita avaría, foi necesaria a colaboración cos medios dispoñibles da empresa FCC AQUALLA S.A., que se encargou do arranxo da tubaxe e dos elementos da rede afectados, e a Deputación Provincial, que aportou os medios necesarios de maquinaria, materiais e persoal para abrir e pechar a gabia, enchido e compactación da mesma, e posterior reposición do firme danado.

QUINTO.- A empresa FCC AQUALLA S.A. reclama o custe dos medios empregados en dita reparación, ascendendo o importe á cantidade de 1.453,71 euros (IVE non incluído).

SEXTO.- Con data 13/07/2022 solicitouse por parte da Deputación, documentación complementaria na que se lles solicitaba que aportasen a autorización emitida por este organismo para a instalación da rede do servizo afectado (abastecemento) no lugar da avaría.

A día de hoxe non se obtivo resposta a dito requirimento.

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 20/10/2022 faise constar que se suspende o prazo para a resolución do expediente de responsabilidade patrimonial, xa que emitido informe polo Servizo de Infraestruturas da Deputación na data 15/09/2022, no mesmo relátase que con data 13/07/2022 solicitouse da reclamante a autorización para a instalación da rede de abastecemento na que se ocasionaron os danos, sen que se tivera obtido resposta ó citado requirimento e sendo dita autorización necesaria para resolver a citada reclamación.

Resultando.- Que con data 24/10/2022, requiriuse novamente a FCC Aqualia, S.A. para que subsanara a instancia aportando a autorización emitida para a instalación da rede do servizo afectado (abastecemento) no lugar da avaría, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións.



Resultando.- Que con data 03/11/2022, Aqualia presenta escrito no que manifesta o seguinte:

O Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro constituíuse no ano 2014 como unha entidade de ámbito supramunicipal cuxa finalidade é a prestación dos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais. A partir de entón, o Consorcio é quen asume as competencias de xestión e explotación das redes municipais dos concellos que o forman, entre eles, O Porriño.

FCC Aqualia S.A. é a xestora das redes municipais de auga dos concello que forman o Consorcio en virtude do contrato “Servizo para a explotación, conservación, mantemento e outros servizos conexos das instalacións adscritas ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro” subscrito en 2021.

Significar, a maiores, que a tubaxe municipal de abastecemento de auga que discorre pola E.P. 2401, e que resultou con danos pola obra executada por Galaicontrol, posúe unha antigüidade estimada de mais de 20 anos, polo que a súa instalación é anterior á constitución do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e, por tanto, tamén anterior ó comezo da xestión dos servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración de O Porriño por parte de FCC Aqualia S.A.

En consecuencia, FCC Aqualia S.A. non dispón da documentación requirida por esa Administración, que debería de estar en posesión do Concello de O Porriño, como titular da rede municipal de augas, ou desa Deputación, na súa calidade de titular da vía e outorgante da autorización de instalación da rede de abastecemento no seu momento.

Subordinar a tramitación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por FCC Aqualia S.A. á aportación dunha autorización de instalación de tubaxe conferida por esa Deputación ao Concello de O Porriño con anterioridade a comezar Aqualia a súa prestación do servizo, sitúa a esta entidade nunha situación de indefensión total.

Resultando.- Que con data 01/12/2022, e en virtude do artigo 141.1, letra c), da Lei 40/2015, requiriuse ó Concello de O Porriño a remisión da citada autorización á maior brevidade posible, reiterando, ante a ausencia de resposta, dito requirimento na data 18/01/2023.

Resultando.- Que constan no expediente as notificacións practicadas nas datas 01/12/2022 e 18/01/2023 (Entidade: Concello de O Porriño, representada por D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso; Documento 76907670V), sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta ningunha ó solicitado.

Resultando.- Que con data 03/11/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas acerca da aportación ou non por parte de Aqualia da autorización que lle requiriran na data 13/07/2022, remitindo o mesmo na data 14/11/2023 co seguinte contido:

PRIMEIRO.- No apartado SEXTO do informe emitido pola enxeñeira que subscribe se indica “Con data 13/07/2022 solicitouse por parte da Deputación, documentación complementaria na que se lles solicitaba que aportasen a autorización emitida por este organismo para a instalación da rede do servizo afectado (abastecemento) no lugar da avaría. A día de hoxe non se obtivo resposta a dito requirimento.”



SEGUNDO.- Como figura no expediente administrativo desta reclamación patrimonial, Aqualia contesta ó requirimento con data 3/11/2022, indicando, entre outros aspectos, que “Subordinar a tramitación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por FCC Aqualia S.A. á aportación dunha autorización de instalación de tubaxe conferida por esa Deputación ao Concello de O Porriño con anterioridade a comezar Aqualia a súa prestación do servizo, sitúa a esta Entidade nunha situación de indefensión total.

TERCEIRO.- No expediente administrativo figura unha solicitude ó Concello de O Porriño feita polo servizo de Asesoría Xurídica, con data de notificación 1/12/2022, e una reiteración da mesma con data 18/01/2023, na que se solicitou ó Concello de O Porriño que remitise a citada autorización coa maior urxencia posible, e en todo caso no prazo de CINCO DÍAS.

CUARTO.- A día de hoxe non consta ningunha notificación do Concello de O Porriño nin de Aqualia remitindo a documentación solicitada.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, téndose suspendido este prazo ante a ausencia de aportación da autorización para a instalación da rede de abastecemento, sendo necesaria a mesma para resolver a reclamación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Os sondeos realizounos a empresa Galaicontrol S.A., baixo as directrices do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial, promotora das citadas obras.
- Durante a realización dun dos sondeos a máquina perforadora atopou unha tubaxe de abastecemento que rompeu, provocando unha avaría na rede de auga.
- Para proceder con urxencia á reparación da avaría, foi necesaria a colaboración cos medios dispoñibles da empresa FCC AQUALIA S.A., que se encargou do arranxo da tubaxe e dos elementos da rede afectados, e a Deputación Provincial, que aportou os medios necesarios de maquinaria, materiais e persoal para abrir e pechar a gabia, enchido e compactación da mesma, e posterior reposición do firme danado.
- Solicitada pola Deputación a autorización para a instalación da rede do servizo afectado (abastecemento) no lugar da avaría, a día de hoxe non se obtivo resposta a dito requirimento.



Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía, toda vez que os danos foron ocasionados pola empresa Galaicontrol S.A., non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura na Sentenza do Tribunal Supremo de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª):

“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.

Todo elo sen que isto presupoña prexulgamento da responsabilidade que, en todo caso e ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixirse no eido da xurisdición civil á devandita empresa que causou os danos.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

10.33352.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 9511 CABANELAS-PONTEARNELAS (CONCELLO DE RIBADUMIA). (EXPTE. 2023007814)

Dada conta que con data de rexistro 07/02/2023 (rex. núm. 2023002171) o Concello de Ribadumia traslada a esta Deputación, por tratarse dunha estrada de titularidade provincial, reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D. Álvaro Taitai Vicente en representación da mercantil Athlon Car Lease, S.A., por danos en vehículo producidos en accidente de circulación con saída de vía, a consecuencia da irrupción dun animal na estrada E.P. 9511 Cabanelas-Pontearnelas, no Concello de Ribadumia, o día 29/01/2022, e que cuantificou economicamente en 9.922 euros.

Resultando.- Que, con data 17/02/2023, requiriuse ó interesado para que subsanara a instancia aportando a documentación que se relaciona a continuación e indicando unha dirección de correo electrónico na que recibir os avisos da posta a disposición das notificacións na sede electrónica desta Administración:

- Informe da Garda Civil que di acompañar como documento nº 3, ó non figurar o mesmo entre a documentación recibida.



- Peritación previa dos danos.
- Certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado a consecuencia deste sinistro.

Resultando.- Que con data 15/03/2023, cumprimenta o solicitado a excepción da aportación do informe pericial de danos, manifestando que nin procede nin é posible a súa aportación por non ter sido peritado o vehículo, e alegando que queda debidamente acreditada a contía dos danos coa factura de reparación achegada.

Resultando.- Que con data 16/03/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 01/06/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO. - A estrada provincial EP-9511 CABANELAS-PONTE ARNELAS forma parte do inventario da rede provincial.



SEGUNDO.- Non se tiveron coñecementos de ningunha incidencia rexistrada nesa estrada provincial desde o ano 2021.

TERCEIRO.- A sinalización existente é a seguinte:

No sentido dos puntos quilométricos: (Cabanelas dirección Ponte Arnelas):

- P.Q.-0+000,M.D.: Fito quilométrico de inicio da estrada provincial.
- P.Q.-0+025,A.M. : Sinal de Prohibición de adiantamento (R-305).
- P.Q.-0+075 , M.D.: Sinal de Prohibición para velocidade máxima 60 km/h (R-301).
- P.Q.-0+130 , M.D.: Sinal de Perigo de intersección con prioridade (P-1).







No sentido inverso dos puntos quilométricos (de Ponte Arnelas dirección a Cabanelas):

- P.Q.-0+800 A.M: Sinal de Prohibición de adelantamento (R-305).
- P.Q.-0+140 M.D: Sinal de Perigo Intersección con circulación xiratoria (P-4).
- P.Q.-0+100 M.D. Sinal de Prioridade de Ceda o Paso a 150 MTS (R-1).
 - P.Q.-0+045 M.D. Sinal de Prohibición para velocidade máxima 40 km/h (R-301)





CUARTO.- O lugar onde se produciu a irrupción e unha rural non boscosa, con plantación de viñedos e vivendas illadas.

Belén Pampín Camino
Enxeñeiro



Resultando.- Que con data 12/06/2023, e de conformidade co establecido no artigo 141.1, letra c), da Lei 40/2015, solicitouse á Garda Civil de Pontevedra a remisión das fotografías realizadas así como informe sobre o motivo da saída de vía do vehículo, pois no atestado achegado coa instancia, recóllese unicamente o seguinte:

“El vehículo Citroën C4 circula por la E.P. 9511 y a la altura del punto kilométrico 0.300 se sale de la vía por la derecha”.

Resultando.- Que con data 26/06/2023, e ante a ausencia de resposta, reiterouse a solicitude, remitindo a Garda Civil o seu informe o día 27/06/2023, co seguinte contido:

“Que el conductor del vehículo manifiesta que algún animal de color negro, posiblemente un gato, le salió por la parte izquierda de la calzada, siendo el motivo de realizar la maniobra evasiva, saliéndose de la vía y colisionando contra el poste de hormigón. Es parecer del Guardia Civil que suscribe que las causas esgrimidas por el conductor son coherentes con los motivos de la salida de vía del vehículo”.





Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- O accidente tivo lugar ás 10:15 h, con luz natural, solar e con tempo despexado.
- O firme atopábase seco e limpo, nun tramo recto e plano e con boa visibilidade.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas, a sinalización existente no lugar e no sentido da marcha do vehículo é a de prohibición de velocidade máxima 60 km/h (R-301).
- Non se tivo coñecemento de ningunha incidencia nesa estrada desde o ano 2021.
- No citado informe consta que se trata dunha zona rural non boscosa, con plantacións de viñedos e vivendas illadas.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a simple lectura do artigo 149.5 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, revela ben ás claras que é necesario acreditar a FRECUENCIA na irrupción de fauna salvaxe, máis cando non se produciron máis accidentes pola mesma causa, véxase:

“...Los tipos de señales de advertencia de peligro, con su nomenclatura y significado respectivos, son los siguientes:

(...) P-24. Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde FRECUENTEMENTE la vía puede ser atravesada por animales en libertad...”

Considerando.- Que a sentenza 228/08, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº. 2 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 204/08, baseándose neste precepto, eximiu á Deputación da obriga de instalación do sinal P-24 (paso de animais en liberdade) por non terse acreditado a FRECUENCIA e a HABITUALIDADE no paso, deixando dito que:

“... No hay dato alguno en el expediente administrativo ni informe al respecto que indique que el tramo en el que ocurrió el accidente constituye un lugar de paso habitual, y no esporádico, de animales salvajes que hiciera necesaria la señalización adecuada al respecto, en concreto con la señal P-24. Es más, tampoco hay constancia de que en dicho tramo de la carretera y en un lapso de tiempo próximo al accidente registrado, se hubiesen originado otros por similares causas”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as seguintes sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra en supostos con identidade de razón á que nos ocupa, irrupción de fauna na calzada: do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas números 171/2005, 115/09, 119/2010, 179/11, 268/11 e 259/12; do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, a xa citada sentenza 228/08 e mais as sentenzas números 1/2012, 243/2014 e 15/2021; e do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, as sentenzas números 75/05, 27/2010, 43/2011 e 202/2020.



Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 119/10, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Tampoco ha quedado acreditado de la prueba practicada que el lugar en que se produjo el accidente sea un lugar de paso frecuente de animales de caza, que hiciera necesario advertir a los usuarios de la vía por medio de la señalización pertinente al respecto (P-24), no constando según la información obrante en el expediente, la existencia de ningún otro siniestro de similares características en dicho tramo de la vía”.
- Sentenza 179/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... No ha incurrido, por tanto, la Diputación de Pontevedra, en omisión del deber de señalización, por lo que se carece de título de imputación que permita la atribución de responsabilidad por el daño causado”.
- Sentenza 268/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...No existen pruebas suficientes para entender que en la referida carretera provincial se da la frecuencia en el paso de animales en libertad que obligaría a la Administración a colocar en ella la señal fija de advertencia de peligro. No ha incurrido, por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra, en omisión del deber de señalización”.
- Sentenza 259/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... Ha de decaer necesariamente la pretensión indemnizatoria ejercitada, con la consiguiente confirmación de la resolución que aquí se impugna, previa desestimación del recurso, por no apreciarse obligación en la Administración demandada de disponer de señalización de advertencia de animales salvajes o de adopción de otras medidas de prevención en el tramo de carretera en que se produjo el siniestro...”
- Sentenza 243/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Ante la prueba practicada, ha de concluirse que no puede considerarse debidamente acreditada la responsabilidad de la Administración demandada, por cuanto, aunque se reconozca la irrupción de un caballo en la vía como causa del accidente, es lo cierto que no existe constancia alguna de que en ese lugar se produzca un paso frecuente de este tipo de animales u otros que lleve a considerar la obligación de señalar el riesgo”.
- Sentenza 15/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“... No existen datos objetivos que acrediten que el lugar en el que ocurre el accidente, vial provincial sin señalización de peligro por animales sueltos, se trate de zona donde frecuentemente la vía pueda ser atravesada por animales en libertad y, en consecuencia, tal y como se defiende por las demandadas, no había obligación de instalación de la señal P-24”.
- Sentenza 27/2010 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra:
“...Al no existir una obligación legal de señalar ese tramo, y al no haberse demostrado por la parte actora que el mismo debería de ser señalizado (...), no es posible imputar la responsabilidad en la producción de los daños a la Administración aquí demandada (Diputación)...”
- Sentenza 43/2011 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 3 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 306/2010:
“...quien reclama debe demostrar un determinado nivel de siniestralidad y la ausencia o insuficiencia de medidas visibles o aparentes de conservación o de señalización...”



- Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“... La conclusión para este asunto, vista la prueba de que ha dispuesto el juzgado, conduce a la desestimación del presente recurso, porque no se habría demostrado que la Diputación, en la condición de titular de la carretera en cuestión, donde sucedió este accidente, hubiera dejado de adoptar las medidas de precaución que le serían exigibles, razonables, para evitar este tipo de accidentes, por los motivos ya expuestos: no existe una obligación de la titular de vallar este tipo de vías; sí la de señalar el peligro asociado a la irrupción por sorpresa de animales sueltos, que es una exigencia a cargo de la titular en los casos en que le consta un alto nivel de siniestralidad asociada a ese tipo de eventos en el tramo de que se trate”.

Considerando.- Que a parte non aportou proba ningunha da frecuencia na irrupción, feito que non quedou acreditado, polo que nos atopamos ante un suposto de forza maior (caracterizado pola súa externalidade e irresistibilidade, en síntese de imprevisibilidade e consecuente inevitabilidade), ó que é allea esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de tódolos riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a condución de vehículos a motor.

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que segundo informa a Garda Civil de Tráfico de Pontevedra na data 21/06/2023, o condutor manifesta que *“algún animal de cor negro, posiblemente un gato, saíu pola parte esquerda da calzada, sendo o motivo de realizar a manobra evasiva, saíndose da vía e colisionando contra o poste de formigón”*, sendo a realización desta manobra incorrecta e brusca, o que fai descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculado coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”*.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

c) CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRUPCIÓN EN ELLA”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”



En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...*Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...*”

Artigo 18.1: “...*El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...*”.

Artigo 132.1: “...*Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...*”

Considerando.- Que a irrupción dun férido non pode ser prevista por ninguén, polo que so cabe atribuíla a un evento de forza maior, imprevisible e inevitable para aquela a quen se lle pretenden imputar as consecuencias económicas, é dicir, á Deputación.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

11.33353.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA SELECCIÓN ALUMNADO DO PROGRAMA “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (EXPTE.2023063998)

1º.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 27 de outubro de 2023, adoptouse o acordo nº 5.33095 relativo á Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra”.

As bases foron publicadas no BOPPO nº 236 do luns 11 de decembro de 2023.

Na base cuarta establécese que o prazo de presentación de solicitudes é dende o 19 de decembro de 2023 ao 31 de xaneiro de 2024.

2º.- De xeito paralelo estase a tramitar o expediente nº 2023047633 para a contratación do servizo de deseño e impartición da formación e capacitación en competencias dixitais para as persoas destinatarias da formación dos concellos de Cuntis, Moraña, A Illa de Arousa, Forcarei e As Neves, atopándose neste intre en proceso de valoración técnica e apertura do sobre C.

Entre as funcións da empresa que resulte adxudicataria do Lote 1 está a de difundir esta convocatoria mediante anuncios en medios de comunicación, cuñas de radio, cartelería, etc. co fin de garantir a máxima participación en cada un dos 5 concellos participantes.

3º.- De acordo cos prazos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para a tramitación dos procedementos abertos simplificados, a adxudicación e formalización do contrato está prevista para finais do mes de xaneiro de 2024.

O 31 de xaneiro de 2024 remata o prazo de presentación de solicitudes para participar na formación.

Dado que no expediente de contratación valórase tecnicamente o plan de difusión do programa co fin de que poidan inscribirse o maior número de persoas destinatarias posibles, é convinte reforzar a difusión da convocatoria de formación deste programa co apoio da empresa adxudicataria en cumprimento da súa obriga de difusión, motivo polo cal procede propoñer a ampliación do prazo de presentación de solicitudes.

4º.- De acordo co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá producirse en todo caso antes do vencemento do prazo de que se trate, debendo notificarse aos interesados.



Así mesmo, o artigo 35 da Lei 39/2015 recolle que serán motivados, con sucinta referencia aos feitos e fundamentos de dereito os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias.

5º.- Con data 8 de xaneiro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: R0909K9HRR5E6ZOC) sobre a modificación das bases coa ampliación do prazo de presentación de solicitudes, no que expón que deberá dársele a mesma difusión que ás bases aprobadas.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación do prazo de presentación de solicitudes para participar no programa “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra*”, ata o vindeiro 15 de febreiro de 2024.
- Publicar a ampliación do prazo de presentación de solicitudes no BOPPO.

12.33354.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DOS ANEXOS DO PROGRAMA CAMPAMENTO A LANZADA 2024 (EXPTE.2023045060)

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno número 3.33038, de data 13 de outubro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras dos Campamentos A Lanzada para o ano 2024.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente no expediente có (CSV): Q4MYJPYO620G5WOL.

Tal e como se establece nas mesmas, este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

2º.- O número total de prazas ofertadas para este programa é dun máximo de 1.540 distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral
- 210 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: serán de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social.

3º.- Publicada a actualización do censo de 2023 polo INE, obsérvase que o Concello de A Garda baixa do tramo de máis de 10.000 habitantes, sendo o censo actual de 9.998 habitantes. Tendo asignadas nas bases xa aprobadas un total de 20 prazas, 17 do procedemento xeral e 3 do procedemento específico.



4º.- No Anexo I das mesmas figura a distribución de prazas asinadas a cada concello para o ano 2024, de acordo co seguinte criterio de distribución:

Parámetros de repartición de prazas por concello 2024			
Poboación superior ou igual a (núm. de habitantes)	Poboación inferior ou igual a (núm. de habitantes)	Prazas polo procedemento xeral	Prazas polo procedemento específico (inclusión social)
1	3.000	5	2
3.001	5.000	12	3
5.001	10.000	14	3
10.001	20.000	17	3
20.001	35.000	41	3
35.001	80.000	75	4
80.001	200.000	135	4
200.001		204	5

Segundo este criterio de reparto, correspóndelle para o ano 2024 un total de 17 prazas, 14 do procedemento xeral e 3 do procedemento específico, o que supón 3 prazas menos a asignar.

5º.- Nesta convocatoria recibimos cada ano máis de 4.000 solicitudes, sendo os concellos con máis demanda os de máis poboación (Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa).

Dado que son só 3 as prazas a reasignar, non é posible facer un reparto que chegue a todos os concellos nun tramo de poboación inferior a 35.000 habitantes, polo que proponse incrementar esa prazas no procedemento xeral do concello de Vilagarcía de Arousa, que pasou de ter 37.667 habitantes a 37.689, polo que o criterio de reparto para o sorteo pasa a ser o seguinte:

Parámetros de repartición de prazas por concello 2024			
Poboación superior ou igual a (núm. de habitantes)	Poboación inferior ou igual a (núm. de habitantes)	Prazas polo procedemento xeral	Prazas polo procedemento específico (inclusión social)
1	3.000	5	2
3.001	5.000	12	3
5.001	10.000	14	3
10.001	20.000	17	3
20.001	35.000	41	3
35.001	80.000	78	4
80.001	200.000	135	4
200.001		204	5



6º.- Así mesmo, dado que coa aprobación do Orzamento de 2024 créase o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que asumirá a xestión deste programa, procede facer o cambio nos apartados das bases onde se faga referencia ao servizo promotor.

Renúméranse tamén os documentos Anexos á solicitude de participación que pasan a ser os seguintes:

- Anexo I: Parámetros de repartición de prazas
- Anexo II: Valoracións sociais (das prazas do procedemento específico concellos)
- Anexo III: Relación nominal por orde de puntuación do procedemento específico concellos
- Anexo IV: Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que as persoas menores solicitantes están en situación de internamento (procedemento específico centros)
- Anexo V: Devolución da cota

E, finalmente, actualízanse os datos censais de todos os concellos da provincia, segundo a información publicada polo INE do ano 2023.

7º. Con data 8 de xaneiro de 2024, Intervención emite informe dilixencia de fiscalizado e conforme (CSV: WZRC501FMDP73D9Z) en relación á proposta do Servizo.

De acordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación das bases reguladoras e dos Anexos dos Campamentos A Lanzada para o ano 2024, segundo o contido nas bases reguladoras con CSV 61PNJC382NZ3EQF5.

13.33355.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ACOLLIDA AO VISITANTE NO CASTELO DE SOUTOMAIOR (EXPT.E.2023060062)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10/11/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 10/11/2023. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30/11/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Turismo Rías Baixas.

Recibido informe do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 01/12/2023 (CSV: MK0IEESY625DQGM2), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11/12/2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/12/2023, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203), por non alcanzar a puntuación mínima esixida no sobre B para continuar no procedemento; clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023009729, de 18 de decembro de 2023, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023069742, de 21 de decembro de 2023, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.100,00 euros (carta de pago núm. operación 202300271923, de 22 de decembro de 2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203), que obtén 6 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

2.- Adxudicar o contrato de servizo “Xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior” á empresa Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:
Prezo ofertado:

Importe sen o IVE	IVE (21 %)	Importe total ofertado
162.000,00 €	34.020,00 €	196.020,00 €

Outros criterios automáticos:

Idiomas ofertados	Acredita idioma Francés	Acredita idioma Portugués	Acredita idioma Alemán	
Persoa guía 1	SÍ	SÍ		
Persoa guía 2	SÍ	SÍ		
Persoa guía 3		SÍ		
Experiencia en xestión e control de estándares de calidade			SÍ	NON
A empresa oferta unha persoa unha segunda persoa destinada á atención ao público visitante, control de accesos e venda de entradas, produtos e artigos de venda e outras tarefas inherentes á prestación do servizo conte con experiencia en xestión e control de estándares de calidade marcados polo SICTED e/ou a Q de calidade			SÍ	
Visitas semanais ofertadas			Nº visitas	
Visitas semanais a maiores que oferta a empresa			3	
Visitas semanais en linguaxe de signos que oferta a empresa			3	

O prazo de duración é de un ano desde a data sinalada no documento de formalización, establecéndose a posibilidade de 3 prórrogas cunha duración dun ano cada unha delas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo á da aplicación orzamentaria 24/433.3360.227.99 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2025 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 25/433.3360.227.99, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

A Deputación de Pontevedra, aboará a empresa adxudicataria, de forma mensual, o prezo que resulte do prezo de adxudicación do contrato. O cálculo do prezo mensual realizarase dividindo o prezo de adxudicación entre 12 mensualidades, que se aboaran a mes vencido. O pago do prezo realizarase logo da entrega da factura por parte da empresa, e unha vez realizado de conformidade ao servizo obxecto do contrato, de acordo coas estipulacións dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, para o que será precisa a expedición dun informe de conformidade polo centro xestor.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2023060062	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



14.33356.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO "SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DO CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS CONTRATADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (EXPTE.2023010892)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está levando a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia e co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. As obras a executar desenvolveranse en estradas provinciais e suporán traballos de pavimentación, urbanización, creación de itinerarios peonís e ciclistas, reposición de servizos, etc. en definitiva acondicionamento e mellora de espazos públicos co obxectivo de contribuír a unha mobilidade segura e sustentable.

Resultando.-Que así mesmo, na maioría das obras tense en conta a especial importancia da necesidade de realizar rigoroso plan de control de calidade dos materiais e da propia execución das obras, tanto a nivel de laboratorio como no rexistro e control de ensaios “in situ”.

Resultando.- Que por outra banda, a Deputación de Pontevedra, promove a execución de obras de edificación e urbanización nos edificios da súa propiedade ou no suposto de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Resultando.- Que nestas actuacións tamén se considera prioritaria a xestión da calidade para conseguir que o proxecto cumpra todos os requisitos e expectativas para os que se decidiu emprender. En consecuencia, é fundamental garantir o control de calidade do proxecto, dos materiais e na súa execución .

Resultando.-Que en definitiva, o obxecto do contrato esténdese a todas as obras contratadas pola Deputación de Pontevedra, que segundo o criterio do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e do Servizo de Arquitectura (segundo proceda) precisen dun plan de control de calidade. O adecuado control de calidade na execución das obras supón unha garantía da que non se pode prescindir para comprobar a súa correcta execución e entrega final en condicións.

Resultando.-.Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo estes traballos, xa que se require dun laboratorio especializado, con persoal cualificado e con equipos moi específicos, o que non sería viable para esta nin para calquera outra Administración en termos de eficiencia básica.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, iniciando a tramitación do expediente para a contratación do servizo de “Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”, cun orzamento de execución material de 330.000,00 € IVE incluído.

Resultando.- Que as obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/09/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de servizos “Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra” de acordo co seguinte detalle:

NÚMERO	DESCRIPCIÓN DO LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL CON IVE
Lote nº 1	Zona Norte	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 2	Zona Centro	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 3	Zona Sur	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
Lote nº 4	Actuacións en edificacións	49.586,78 €	10.413,22	60.000,00 €
ORZAMENTO BASE LICITACION		272.727,27 €	57.272,73 €	330.000,00 €

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 12 de setembro de 2023, aparecendo publicado o día 15 de setembro de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 178-553728), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de setembro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/11/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra

As empresas admitidas foron as seguintes:

NÚMERO	DESCRIPCIÓN	EMPRESAS
Lote nº 1	Zona Norte	<ul style="list-style-type: none"> • INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L. • GALAICONTROL, S.L. • EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. • CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.
Lote nº 2	Zona Centro	<ul style="list-style-type: none"> • INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L. • GALAICONTROL, S.L. • EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. • CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.
Lote nº 3	Zona Sur	<ul style="list-style-type: none"> • INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L. • GALAICONTROL, S.L. • EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.
Lote nº 4	Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións	<ul style="list-style-type: none"> • INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L. • GALAICONTROL, S.L. • CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.



Resultando.- Que a continuación procedeuse á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor deste procedemento.

Resultando.- Que unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas polas empresas admitidas en cada un dos lotes (Zona Norte, Zona Centro, Zona Sur e Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións) seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 13 de novembro de 2023, emitiu os correspondentes informes relativos a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas nos lotes, número 1 (Zona Norte), número 2 (Zona Centro) e número 3 (Zona Sur), co seguinte resultado:

Lote número 1 (Zona Norte)

LICITADORES	MEMORIA DE ACTUACIÓN	PROGRAMA TIPO DE TRABALLOS	MODELO PROPOSTA ACTAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	17,00	10,00	0,00	27,00
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	19,00	10,00	8,00	37,00
GALAICONTROL., S.L.	19,00	10,00	10,00	39,00
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	17,00	2,00	10,00	29,00

Lote número 2 (Zona Centro)

LICITADORES	MEMORIA DE ACTUACIÓN	PROGRAMA TIPO DE TRABALLOS	MODELO PROPOSTA ACTAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	17,00	10,00	0,00	27,00
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	19,00	10,00	8,00	37,00
GALAICONTROL., S.L.	19,00	10,00	10,00	39,00
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	17,00	2,00	10,00	29,00



Lote número 3 (Zoa Sur)

LICITADORES	MEMORIA DE ACTUACIÓN	PROGRAMA TIPO DE TRABALLOS	MODELO PROPOSTA ACTAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	19,00	10,00	8,00	37,00
GALAICONTROL., S.L.	19,00	10,00	10,00	39,00

Resultando.- Que a empresa INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L., non presentou a oferta técnica correspondente ao lote número 3, motivo polo que non foi valorada polo Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, obtendo polo tanto unha puntuación de 0,00 puntos.

Resultando.- Que a Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona María del Carmen Gómez Manzano, con data 13 de novembro de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas no lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións), co seguinte resultado:

Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

LICITADORES	MEMORIA DE ACTUACION	PROGRAMA TIPO DE TRABALLOS	MODELO PROPOSTA ACTAS	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	14,50	7,50	10,00	32,00
GALAICONTROL., S.L.	16,00	10,00	8,00	34,00
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	12,00	2,00	8,00	22,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/11/2023 acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas nos lotes números 1 (Zona Norte), número 2 (Zona Centro) e número 3 (Zona Sur), do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra", en base ao informe emitido polo Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 13 de novembro de 2023.

Resultando.- Que na mesma sesión acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no lote números 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións), do citado procedemento aberto, en base ao informe emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona María del Carmen Gómez Manzano, de data 13 de novembro de 2023.



Resultando.- Que a empresa INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L., non debe continuar no proceso de adxudicación do lote número 3 (zona Sur) ao non presentar a documentación técnica e non alcanzar a puntuación mínima do 50% (19,50 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre "B") tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto.

Resultando.- Que posteriormente na mesma reunión procedeuse á apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra".

O valores ofertados foron os seguintes:

Lote número 1 (Zona Norte)

LICITADORES	SOBRE C		
	PORCENTAXE DE BAIXA OFERTADO	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	29,20 %	SI	SI
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	22,50 %	SI	SI
GALAICONTROL., S.L.	34,10 %	SI	SI
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	8,50 %	NO	NO

Lote número 2 (Zona Centro)

LICITADORES	SOBRE C		
	PORCENTAXE DE BAIXA OFERTADO	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	23,60 %	SI	SI
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,20 %	SI	SI
GALAICONTROL., S.L.	35,10 %	SI	SI
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	7,50 %	NO	NO



Lote número 3 (Zona Sur)

LICITADORES	SOBRE C		
	PORCENTAXE DE BAIXA OFERTADO	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,20 %	SI	SI
GALAICONTROL., S.L.	35,60 %	SI	SI

Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

LICITADORES	SOBRE C		
	PORCENTAXE DE BAIXA OFERTADO	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	19,70 %	SI	SI
GALAICONTROL., S.L.	35,20 %	SI	SI
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	5,00 %	NO	NO

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada no lote 4 pola empresa GALAICONTROL, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa GALAICONTROL, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación deste lote.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/12/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



Lote número 1 (Zona Norte)

LICITADORES	SOBRE "C"			PUNTUACION SOBRE "C"
	VALORACION ECONOMICA	CERTIFICADO 9001	CERTIFICADO 14001	
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	35,64	10,00	10,00	55,64
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	28,14	10,00	10,00	48,14
GALAICONTROL., S.L.	41,00	10,00	10,00	61,00
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	10,63	0,00	0,00	10,63

Lote número 2 (Zona Centro)

LICITADORES	SOBRE "C"			PUNTUACION SOBRE "C"
	VALORACION ECONOMICA	CERTIFICADO 9001	CERTIFICADO 14001	
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	27,18	10,00	10,00	47,18
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	41,00	10,00	10,00	61,00
GALAICONTROL., S.L.	38,92	10,00	10,00	58,92
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	8,64	0,00	0,00	8,64



Lote número 3 (Zona Sur)

LICITADORES	SOBRE "C"			PUNTUACION SOBRE "C"
	VALORACION ECONOMICA	CERTIFICADO 9001	CERTIFICADO 14001	
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	41,00	10,00	10,00	61,00
GALAICONTROL., S.L.	39,12	10,00	10,00	59,12

Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

LICITADORES	SOBRE "C"			PUNTUACION SOBRE "C"
	VALORACION ECONOMICA	CERTIFICADO 9001	CERTIFICADO 14001	
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	40,48	10,00	10,00	60,48
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	10,70	0,00	0,00	10,70

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do servizo “Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”, que queda da seguinte forma:

Lote número 1 (Zona Norte)

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GALAICONTROL., S.L.	39,00	61,00	100,00
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,00	48,14	85,14
3	CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	27,00	55,64	82,64
4	INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	29,00	10,63	39,63



Lote número 2 (Zona Centro)

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,00	61,00	98,00
2	GALAICONTROL., S.L.	39,00	47,18	86,18
3	CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	27,00	58,92	85,92
4	INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	29,00	8,64	37,64

Lote número 3 (Zona Sur)

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GALAICONTROL., S.L.	39,00	59,12	98,12
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,00	61,00	98,00

Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	32,00	60,48	92,48
2	INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	22,00	10,70	32,70

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo “Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra” , ás seguintes empresas:

Lote número 1 (Zona Norte)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
GALAICONTROL, S.L.	34,10 %



Lote número 2 (Zona Centro)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,20 %

Lote número 3 (Zona Sur)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
GALAICONTROL, S.L.	35,60 %

Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	19,70 %

Resultando.- Que requiridas as citadas empresas para que aportaran a documentación xustificativa, estas aportaron a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación garantía definitiva polos seguintes importes:

LOTE	EMPRESA	NUMERO OPERACION	IMPORTE
1	GALAICONTROL, S.L.	202300272680	3.719,01 €
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	202400002890	3.791,01 €
3	GALAICONTROL, S.L.	202300272695	3.791,01 €
4	CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	202300272057	2.479,34 €

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de servizos o importe de cen mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Excluir do procedemento a oferta presentada para o Lote 3, pola empresa INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L., ao non presentar a documentación técnica e non alcanzar a puntuación mínima do 50% (19,50 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre “B”) tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto.
2. Excluir do procedemento a oferta presentada para o Lote 4, pola empresa GALAICONTROL, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
3. Adxudicar o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo “*Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*”, as seguintes empresas, de acordo co detalle:

Lote número 1 (Zona Norte)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
GALAICONTROL, S.L.	34,10 %

Lote número 2 (Zona Centro)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	37,20 %

Lote número 3 (Zona Sur)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
GALAICONTROL, S.L.	35,60 %



Lote número 4 (Actuacións en edificacións, construcións ou instalación)

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L.	19,70 %

O contrato terá unha vixencia dun ano desde a data de formalización do contrato

O cumprimento da vixencia dará lugar a extinción do contrato, sen prexuízo de que a duración das prestacións de servizo que se deriven deste ou se celebren baixo a súa vixencia poidan superar dito prazo.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda ,dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023010892.

15.33357.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)” (EXPTE.2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023.

Resultando.- Que con data 22/12/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de paralización das obras, quedando nese intre SETE (7) DÍAS, para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: *“...Debido a que se formigonará a lousa de compresión do taboleiro da ponte o 21 de decembro, é necesario deixar pasar un mínimo de 15 días para que esta alcance unha resistencia mínima para permitir a circulación de maquinaria por encima da lousa e poder así continuar cos traballos. Ademais o peche das fábricas no nadal imposibilita realizar os subministros necesarios para a obra nestas datas...”*

Resultando.- Que tamén recolle a acta de paralización unha porcentaxe de obra executada do 98,03 %, quedando pendente de executar unidades de obra por importe de 5.301,48 €. Coa acta xúntase relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 09/01/2024 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra dedúcese que é indispensable tecnicamente deixar transcorrer como mínimo un período de 15 días dende que se formigone a lousa de compresión do taboleiro da ponte, para poder circular a maquinaria necesaria por ela. Ditos traballos se tiñan previsto realizar o 21 de decembro. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións para poder circular pola ponte e continuar coa execución. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SETE (7) DIAS para a finalización do prazo de execución...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” con efectos dende o 22/12/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre SETE (7) DIAS, para finalizar a obra.

16.33358.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.33359.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.33360.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

